

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

# PROXECTO CURRICULAR

## CONCRECIÓNS CURRICULARES



**ÍNDICE**

<b>1. METODOLOXÍA E CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN</b>	2
1.1 AVALIACIÓN	2
1.2 EXAMES	3
1.3 SOLICITUDE DE COPIA DE EXAMES	4
<b>2. CONSELLO ORIENTADOR. PORCENTAXE DE CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE</b>	4
<b>3. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN</b>	12
3.1 PROMOCIÓN NA ESO	12
3.2 PROMOCIÓN NO BACHARELATO	12
<b>4. CRITERIOS XERAIS DE TITULACIÓN</b>	13
4.1 TITULACIÓN NA ESO (4º da ESO)	13
4.2 TITULACIÓN NO BACHARELATO (2º de Bacharelato)	13
<b>5. CRITERIOS XERAIS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA</b>	14
<b>6. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS E/OU PROMOCIÓN OU TITULACIÓN</b>	15
6.1 PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DUNHA CUALIFICACIÓN NO CENTRO	16
6.2 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DUNHA CUALIFICACIÓN NO CENTRO	16
6.3 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DA DECISIÓN DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO CENTRO	17
6.4 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN ANTE XEFATURA TERRITORIAL	18
6.5 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN EN 2º CURSO DE BACHARELATO	20
<b>7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS</b>	23
7.1 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	23
7.2 CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE REFORZO - RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS SUSPENSAS	24
7.3 CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA ALUMNADO QUE DEBA REPETIR CURSO	25

## 1. METODOLOXÍA

---

A metodoloxía empregada en cada unha das materias de cada curso está recollida nas Programacións didácticas de cada departamento e que serán publicadas na páxina web do centro nas primeiras semanas de curso.

Así mesmo, cada profesor/a elaborará un **resumo da programación da materia por curso**, e que fará referencia a: Unidades distribuídas por trimestres, como se van a desenvolver os contidos ao longo do curso, criterios de cualificación e procedementos de avaliación, procedemento de recuperación da materia do curso anterior, libros e recomendacións. Este resumo estará tamén dispoñible para todo o alumnado e as súas familias, pretendendo así facilitarlles a comprensión dos aspectos máis relevantes do curso académico. Seguirase para iso o *ANEXO “Resumo programación didáctica”* que se facilitará ao inicio de curso.

Como xa ven sendo habitual nos últimos anos, maximizarase o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos que proporcionan as aulas Edixgal para o desenvolvemento da práctica docente na Ensinanza Secundaria Obrigatoria, así como as ferramentas institucionais tales como as Aulas Virtuais, aplicación de videoconferencia Cisco-Webex... en todas as ensinanzas.

### 1.1 AVALIACIÓN

---

Ao inicio de curso aprobarase en sesión de Claustro as datas previstas para cada unha das avaliacións, informándose das mesmas ao Consello Escolar e publicándoo na páxina web do centro. Será nestas sesións de avaliación nas que se analizarán os resultados académicos do alumnado, así como posibles problemas de convivencia ou absentismos existentes analizando as causas e proponendo solucións para a súa posterior aplicación.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo **tres sesións de avaliación parciais**. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso.

#### ESO

---

- Na Educación Secundaria Obrigatoria, o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, **o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado** que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. Dito informe conterá alo menos as materias obxecto de recuperación e por cada unha delas as indicacións e tarefas necesarias encamiñadas á superación das mesmas na avaliación final.

- A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.
- Na avaliación final obterase tamén unha cualificación das Competencia Clave que formará parte do Consello Orientador e que servirá tamén para a toma de decisións á hora de realizar as propostas de promoción e titulación do alumnado. Estas cualificacións obtéñense seguindo as porcentaxes das táboas adxuntas do punto 2 deste documento.
- O procedemento a seguir para as reclamacións ás cualificacións finais, ou á decisión de promoción ou titulación dun alumno/a figuran no punto 6 deste documento.

## **BACHARELATO**

---

- No Bacharelato, a derradeira das tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario, e haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
- No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.
- No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarse á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

## **1.2 EXAMES**

---

Nas semanas previas ás sesións de avaliacións, o profesorado realizará as probas finais de cada materia tentando que non coincidan máis de dous exames no día. Para tal fin, o alumnado disporá na aula dun calendario no que poderá anotar as diferentes probas do curso para unha mellor organización das mesmas. Esta distribución dos exames poderá tamén anotarse na axenda escolar que se lle facilita a cada alumno/a ao inicio de curso.

A probas realizadas na Educación Secundaria Obrigatoria realizaranse nunha das horas semanais que cada materia ten asignada, debéndose adaptar na medida do posible a temporalización aos 50 minutos de cada sesión. No caso do Bacharelato, as probas de cada avaliación poderán realizarse ao longo da tarde respectando sempre as horas de apertura e peche do centro educativo.

No caso de que un alumno/a non asista á realización dunha exame, dita falta deberá ser xustificada polos pais/nais – titores legais para que a proba poida realizarse noutra data. Así pois, como norma xeral no caso de ausencia, non se lle repetirá o exame ao/á alumno/a, exceptuando casos de forza maior ou enfermidade xustificadas, e sempre e cando non se observe reiteración.

### 1.3 SOLICITUDE DE COPIA DE EXAMES

---

Os pais/nais – titores/as legais do alumnado poderán solicitar unha copia dalgún exame do seu fillo/a previa solicitude na administración do centro presentando debidamente cumprimentado o *ANEXO “Petición de copia de exame”*.

Cómpre que con anterioridade á solicitude do Anexo na administración do centro, o solicitante revise o exame co profesor/a correspondente

Xunto con esta solicitude deberase ter en conta que:

- Só se poden reclamar copia dos exame, nunca os orixinais.
- Só se realizará unha copia do exame e será feita por persoal autorizado, quedando o solicitante como único responsable de calquera outra copia feita, así como da difusión que se lle poida dar unha vez saia do centro educativo.
- A copia solicitada recollerase non antes de dous días hábiles posteriores á presentación desta solicitude.
- No caso de ausencia prolongada do/a solicitante por motivos de traballo ou enfermidade, poderase reclamar que a copia do exame sexa enviada por correo electrónico á dirección indicada, debéndose enviar esta a través da conta corporativa do centro.

## 2. CONSELLO ORIENTADOR. PORCENTAXE DE CONTRIBUCIÓN DE CADA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

---

### Consello Orientador

---

Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a titoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

*Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente estime conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.*

Este consello orientador elaborarao o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno, e entregarase cando corresponda xunto co boletín de cualificacións.

### **Avaliación das Competencias Clave**

---

Para realizar dunha forma obxectiva o grao de adquisición de competencias, estas virán avaliadas con: Insuficiente – Suficiente – Ben – Notable – Sobresaínte. Polo tanto, para poder establecer esta cualificación avaliarase cada competencia cunha nota decimal que para cada un dos cursos se obterá mediante as táboas que se expoñen a continuación, e dado que o resultado vai a resultar un número decimal, redondearase este ao enteiro seguinte cando as décimas sexan maiores ou iguais a 5. Considerarase así:

INS (0,1,2,3, ou 4) – SUF (5) – Ben (6) – NOT (7 ou 8) – SOB (9 ou 10).

Así mesmo, cando a media de todas as competencias (redondeada ao enteiro seguinte cando as décimas sexan maiores ou iguais a 5) sexa igual ou superior a 7 puntos, considerarase que o alumno/a acadou os obxectivos de xeito destacado, indicando tal circunstancia no Consello Orientador.

As táboas porcentuais para obter a cualificación de cada unha das competencias son:

<b>COMPETENCIA</b>	<b>1º ESO</b>
<b>Lingüística</b>	30% Lingua Castelá
	30% Lingua Galega
	15% Inglés
	15 % Francés
	10% RESTO
<b>Matemática e Ciencia e Tecnoloxía</b>	50% Matemáticas
	30% Bioloxía
	5% Educación Física
	5% Xeografía e Historia
	10% RESTO
<b>Dixital</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Aprender a aprender</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Sociais e cívicas</b>	50% Xeografía e Historia
	20% Valores Éticos ou Relixión
	30% RESTO
<b>Iniciativa e espírito emprendedor</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	30% Educación Plástica
	20% Xeografía e Historia
	10% Lingua Castelá
	10% Lingua Galega
	10% Educación Física
	20% RESTO

COMPETENCIA	2º ESO
<b>Lingüística</b>	30% Lingua Castelá
	30% Lingua Galega
	15% Inglés
	15 % Francés
	10% RESTO
<b>Matemática e Ciencia e Tecnoloxía</b>	40% Matemáticas
	20% Física Química
	20% Tecnoloxía
	5% Educación Física
	5% Xeografía e Historia
	10% RESTO
<b>Dixital</b>	30% Tecnoloxía
	70% RESTO
<b>Aprender a aprender</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Sociais e cívicas</b>	50% Xeografía e Historia
	20% Valores Éticos ou Relixión
	30% RESTO
<b>Iniciativa e espírito emprendedor</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	30% Música
	20% Xeografía e Historia
	15% Lingua Castelá
	15% Lingua Galega
	10% Educación Física
	10% RESTO



COMPETENCIA	2º ESO PMAR
<b>Lingüística</b>	60% Ámbito Lingüístico e Social
	15% Inglés
	25% RESTO
<b>Matemática e Ciencia e Tecnoloxía</b>	65% Ámbito Científico e Matemático
	15% Tecnoloxía
	5% Educación Física
	5% Ámbito Lingüístico e Social
	10% RESTO
<b>Dixital</b>	30% Tecnoloxía
	70% RESTO
<b>Aprender a aprender</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Sociais e cívicas</b>	50% Ámbito Lingüístico e Social
	20% Valores Éticos ou Relixión
	30% RESTO
<b>Iniciativa e espírito emprendedor</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	25% Música
	50% Ámbito Lingüístico e Social
	15% Educación Física
	10% RESTO

COMPETENCIA	3º ESO
<b>Lingüística</b>	30% Lingua Castelá
	30% Lingua Galega
	15% Inglés
	15 % Francés
	10% RESTO
<b>Matemática e Ciencia e Tecnoloxía</b>	40% Matemáticas
	15% Bioloxía
	15% Tecnoloxía
	10% Física Química
	5% Educación Física
	5% Xeografía e Historia
	10% RESTO
<b>Dixital</b>	30% Tecnoloxía
	70% RESTO
<b>Aprender a aprender</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Sociais e cívicas</b>	50% Xeografía e Historia
	20% Valores Éticos ou Relixión
	20% Cultura Clásica
	10% RESTO
<b>Iniciativa e espírito emprendedor</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	20% Educación Plástica
	20% Xeografía e Historia
	20% Música
	10% Lingua Castelá
	10% Lingua Galega
	10% Educación Física
	10% RESTO

COMPETENCIA	3º ESO PMAR
<b>Lingüística</b>	60% Ámbito Lingüístico e Social
	15% Inglés
	15% Francés
	10% RESTO
<b>Matemática e Ciencia e Tecnoloxía</b>	65% Ámbito Científico e Matemático
	15% Tecnoloxía
	5% Educación Física
	5% Ámbito Lingüístico e Social
	10% RESTO
<b>Dixital</b>	30% Tecnoloxía
	70% RESTO
<b>Aprender a aprender</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Sociais e cívicas</b>	50% Ámbito Lingüístico e Social
	20% Valores Éticos ou Relixión
	20% Cultura Clásica
	10% RESTO
<b>Iniciativa e espírito emprendedor</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	40% Ámbito Lingüístico e Social
	20% Música
	20% Educación Plástica
	10% Educación Física
	10% RESTO

COMPETENCIA	4º ESO
<b>Lingüística</b>	30% Lingua Castelá
	30% Lingua Galega
	10% Inglés
	10% Francés
	10% Latín
	10% RESTO
<b>Matemática e Ciencia e Tecnoloxía</b>	40% Matemáticas
	40% Entre as que teña (Bioloxía, Tecnoloxía, Física Química, Economía, Cultura Científica, Iniciación Actividade Emprendedora, Ciencias Actividade Profesional, TIC)
	5% Educación Física
	5% Xeografía e Historia
	10% RESTO
<b>Dixital</b>	40% TIC
	30% Tecnoloxía
	30% RESTO
<b>Aprender a aprender</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Sociais e cívicas</b>	50% Xeografía e Historia
	20% Valores Éticos ou Relixión
	20% Latín
	10% RESTO
<b>Iniciativa e espírito emprendedor</b>	TODAS (Media aritmética)
<b>Conciencia e expresións culturais</b>	20% Educación Plástica
	20% Xeografía e Historia
	20% Música
	10% Lingua Castelá
	10% Lingua Galega
	10% Educación Física
	10% RESTO

Deberase ter en conta que a porcentaxe daquela materia que figure na táboa pero non se curse, pasará a aumentar a porcentaxe do apartado RESTO.

### 3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

#### 3.1 PROMOCIÓN NA ESO (1º, 2º, 2º PMAR, 3º ESO e 3º PMAR)

As decisións sobre a promoción do alumnado serán adoptadas de xeito colexiado polo equipo docente do alumnado, valorando se a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte, se se estima que ten expectativas favorables de recuperación e se a promoción beneficiará a súa evolución académica.

A repetición será considerada unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do/a alumno/a, polo que poderá terse en consideración o feito de que un alumno/a tivese medidas de atención á diversidade no curso.

Un alumno/a **PROMOCIONA ao curso seguinte** se despois da avaliación final:

- **Supera TODAS** as materias cursadas.
- **Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA ou DÚAS materias/ámbitos** cursadas/os, considerándose para este cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.
- **Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA EN MÁIS DE DÚAS** (considerándose ao igual que no punto anterior para este cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores) **pero cumprindo TODAS seguintes condicións:**
  - a) Que a **media aritmética das cualificacións** obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
  - b) Cualificación igual ou superior a 5 na “Competencia Lingüística” e na “Competencia Matemática e Ciencia e Tecnoloxía”.
  - c) Non presenta máis de dúas materias cunha cualificación inferior a 3.

#### 3.2 PROMOCIÓN NO BACHARELATO (1º DE BACHARELATO)

Un alumno/a **PROMOCIONA a 2º de Bacharelato** se:

- **Supera TODAS as materias** cursadas.
- **Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA ou DÚAS materias como máximo.**

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

## 4. CRITERIOS DE TITULACIÓN

---

### 4.1 TITULACIÓN NA ESO (4º ESO)

---

As decisións sobre a titulación do alumnado serán adoptadas de xeito colexiado polo equipo docente do alumnado, valorando se a/o alumna/o adquiriu todas as competencias establecidas e alcanzou os obxectivos da etapa.

Un alumno/a **TITULA** se:

- **Supera TODAS as materias cursadas.**
- **Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NALGUNHA/S MATERIA/S** (considerándose ao igual que no punto anterior para este cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores) **pero cumprindo TODAS seguintes condicións:**
  - a) Que a **media aritmética das cualificacións obtidas** en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico **sexa igual ou superior a cinco.**
  - b) Cualificación igual ou superior a 5 en todas as competencias establecidas.
  - c) Non presenta máis de dúas materias cunha cualificación inferior a 3.

### 4.2 TITULACIÓN NO BACHARELATO (2º BACHARELATO)

---

Un alumno/a **obterá o TÍTULO de Bacharelato** se:

- **Ten avaliación positiva en TODAS as materias dos dous cursos de bacharelato.**
- **Obtén AVALIACIÓN NEGATIVA NUNHA MATERIA pero cumprindo TODAS seguintes condicións:**
  - a) Que a **media aritmética das cualificacións obtidas** en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata **sexa igual ou superior a cinco.** Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.
  - b) Que non se produciu unha **inasistencia continuada e non xustificada** por parte da/o alumna/o ou na materia suspensa.
  - c) Que a alumna ou o alumno **se presentou a todas as probas e realizou de forma coherente todas as actividades necesarias para a súa avaliación,** incluídas as da convocatoria extraordinaria na materia suspensa.

## 5. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA

---

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

---

- **Criterios xerais:** As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a 9 puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.  
En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra (*Artigo 12 da Orde do 25 de xaneiro de 2022*).
- **Criterios prioritarios:** En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo o establecido nos seguintes **criterios** ordenados por orde prioritario:
  - ✓ Maior nota media no 4º curso da ESO.
  - ✓ Maior nota media no expediente académico da ESO
  - ✓ Maior número de materias do ESO con cualificación de sobresaínte.
  - ✓ Sorteio público.

### BACHARELATO

---

- **Directrices xerais:** O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso de bacharelato, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a 9 puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.  
En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra. (*Artigo 18 da Orde do 25 de xaneiro de 2022*).
- **Criterios prioritarios:** En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo o establecido nos seguintes **criterios** ordenados por orde prioritario:
  - ✓ Maior nota media no 2º curso do Bacharelato.
  - ✓ Maior nota media no Bacharelato.
  - ✓ Maior número de materias do Bacharelato con cualificación de sobresaínte.

- ✓ Sorteio público.

## NA FORMACIÓN PROFESIONAL

---

- **Criterios xerais:** Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo **formativo igual ou superior a nove** puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico **será como máximo de dúas**. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico **sexa inferior a vinte**, só se poderá conceder **unha matrícula** de honra. (**Artigo 26º, 4 da Orde do 12/2011. DOG 15/7**)

- **Criterios prioritarios:** En caso de que o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra fora superior á porcentaxe citada concederíase a matrícula de acordo cos seguintes **criterios prioritarios**:
  - ✓ Maior nota media no ciclo formativo
  - ✓ Maior nota media no 2º curso do ciclo
  - ✓ Maior nota media no 1º curso do ciclo
  - ✓ Maior número de materias do ciclo con cualificación de sobresaínte.
  - ✓ Sorteio público.

## 6. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS E/OU PROMOCIÓN OU TITULACIÓN

---

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, o IES Cabo Ortegal ten publicado este documento na páxina web do centro e no que se especifican no seu punto 4 os criterios de promoción e titulación. Así mesmo serán publicados os procedementos e os criterios xerais de avaliación e cualificación que a Comisión de Coordinación Pedagóxica o equipo docente establezan nas programacións didácticas.

Tal e como se indica na metodoloxía, cada equipo docente, departamento didáctico, ao comezo de cada do curso, informarán o alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes materias ou ámbitos, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción e titulación.



O alumnado, de ser maior de idade, ou as súas persoas proxenitoras (ou representantes legais) de ser menor de idade, poderán solicitar a revisión e reclamación dunha cualificación, non podendo en ningún caso resolverse esta cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

## 6.1 PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DUNHA CUALIFICACIÓN NO CENTRO

---

En calquera momento do curso, o alumnado, as persoas proxenitoras (ou representantes legais) poderán solicitar ao profesorado e á persoa titora todas as aclaracións precisas acerca das valoracións e cualificacións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe. Para tal fin poderán concertar cita co profesorado titor e/ou o profesor/a da materia en cuestións, ben presencialmente no centro, ben telefonicamente.

Así mesmo poderá solicitarse a revisión dun determinado exame dunha materia. A solicitude realizarase na administración do centro segundo o *ANEXO I “Solicitude revisión de exame”*, a cal será remitida en copia ao profesor correspondente.

## 6.2 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DUNHA CUALIFICACIÓN NO CENTRO

---

- Se a pesar das aclaracións e ou revisións realizadas persiste o desacordo, poderase solicitar a revisión dunha cualificación, presentando unha reclamación contra as cualificacións finais no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se entregou o boletín ou ben que se publicaron por abalar as notas.

A solicitude realizarase mediante o *ANEXO II “Reclamación contra unha cualificación final”* dirixida á persoa Directora do IES Cabo Ortegal, e tramitada a través de Xefatura de Estudos, que será a encargada de darlle traslado ao Departamento Didáctico responsable da materia ou ámbito con cuxa cualificación final se manifesta en desacordo, comunicando tamén tal circunstancia á persoa titora.

- No primeiro día lectivo seguinte, ou ser for o caso hábil, á finalización do período de solicitude de revisión (cando finalicen os dous días aos que fai referencia o primeiro punto do apartado B), o Departamento Didáctico analizará a/as solicitude/s recibidas e elaborará os correspondentes informes no que se indicará:
  - Descrición dos feitos e actuación previas.
  - Actuacións seguidas no proceso de avaliación da/do alumna/o en relacións aos recollidos na programación didáctica: Adecuación dos contidos e criterios de avaliación, adecuación dos procedementos e instrumentos de

avaliación, correcta aplicación dos criterios de cualificación para a superación da materia ou ámbito.

- Decisión adoptada e debidamente motivada sobre a modificación ou ratificación da cualificación final.

Este informe elaborárase segundo o *ANEXO III “Informe do Departamento Didáctico”* que será trasladado á Xefatura de Estudos.

- Xefatura de Estudos, mediante o *ANEXO IV “Comunicación da dirección sobre a reclamación contra unha cualificación”* comunicará como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso hábil, ao alumnado, ás persoas proxenitoras (ou representantes legais) a decisión adoptada polo departamento didáctico, informado tamén á persoa titora facéndolle entrega dunha copia do Anexo co xustificante de recepción pertinente.
- Finalmente, e á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, a Xefatura de Estudos e a persoa titora, como persoa coordinadora do proceso de avaliación, considerarán a pertinencia de reunir en sesión extraordinaria ao equipo docente se a modificación da cualificación implicase cambios á hora de promocionar ou titular o alumno que realizou a cualificación. En caso contrario, a modificación dunha cualificación será comunicada por correo electrónico ao equipo docente.
- Ao finalizar o proceso de revisión, e sempre que se producise a modificación dalgunha cualificación, realizaranse mediante dilixencia elaborada pola Secretaría do IES Cabo Ortegal, as anotacións pertinentes nas actas de avaliación e no expediente e historial académico da/do alumna/o.

### **6.3 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DA DECISIÓN DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO CENTRO**

- No caso de estar en desacordo coa decisión de promoción ou titulación dunha/dun alumna/o, poderase presentar unha reclamación contra dita decisión no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se entregou o boletín ou ben que se publicaron por abalar as notas e por conseguinte se adoptou a decisión.

Esta solicitude realizarase mediante o *ANEXO II “Reclamación contra a decisión de promoción/titulación”* dirixida á persoa Directora do IES Cabo Ortegal, e tramitada a través de Xefatura de Estudos, que será a encargada de darlle traslado a á persoa docente titora da/do alumna/o, como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.

- No prazo máximo de dous días lectivos seguintes, ou ser for o caso hábiles, á finalización do período de solicitude de reclamación (cando finalicen os dous días aos que fai referencia o primeiro punto do apartado C), celebrarase unha reunión extraordinaria do equipo docente, recolléndose na acta da sesión extraordinaria a descrición dos feitos e actuación que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións e a ratificación ou modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme aos criterios para a promoción ou titulación do alumnado establecidos con carácter xeral na proposta curricular do Proxecto Educativo. *ANEXO III “Acta reunión do equipo docente ante a reclamación promoción ou titulación”*.
- Xefatura de Estudos, mediante o *ANEXO IV “Comunicación da dirección sobre a reclamación de promoción ou titulación”* comunicará como máximo no día lectivo seguinte, ou se for o caso hábil, ao alumnado, ás persoas proxenitoras (ou representantes legais) a decisión adoptada polo Equipo Docente.

#### **6.4 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN ANTE XEFATURA TERRITORIAL**

- No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial (Coruña) da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.  
A solicitude realizarase mediante o *ANEXO V “Reclamación ante a Xefatura Territorial”* dirixida á persoa Directora do IES Cabo Ortegal.
- Será a dirección do IES Cabo Ortegal, no prazo máis breve posible e en todo caso non superior a tres días hábiles, a encargada de remitir o expediente á xefatura territorial que será remitido a través da sede electrónica empregando unha solicitude xenérica (código do procedemento PR004A) dirixida á Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Universidade, indicando no asunto relacionado “Reclamacións cualificacións finais”.  
Para a elaboración do expediente procederase como segue:
  - Comunicarase á persoa Inspectora do centro a relación de alumnado que presentou reclamación no centro para elevar a Xefatura Territorial indicando tamén a área ou ámbito obxecto de reclamación.
  - Elaborarase e remitirase un expediente por cada alumna/o e referido unha soa materia ou ámbito que estará formado polos seguintes documentos:

- ✓ Escrito do/a alumno/a, persoa proxenitora ou persoa que ostente a representación legal manifestando o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.
  - ✓ Informe do/a director/a do centro, no que consten as datas de entrega das cualificacións e das distintas comunicacións ao/á alumno/a ou ás súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.
  - ✓ Copia da reclamación razoada presentada polo/a alumno/a, as súas persoas proxenitoras ou persoa que ostente a representación legal ante a dirección do centro.
  - ✓ Informe documentado do/a profesor/a da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias producidas ao longo do curso.
  - ✓ Copia do informe motivado do departamento da materia da que se solicita a revisión.
  - ✓ Copia da comunicación da decisión adoptada da xefatura de estudos.
  - ✓ Copia da programación didáctica do departamento da materia da que se solicita revisión, na que consten os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación e cualificación da materia.
  - ✓ Copia dos instrumentos de avaliación empregados: exames, traballos e rexistros escritos, e demais material elaborado polo/a devandito/a alumno/a ao longo do curso na materia obxecto da reclamación. No caso de convocatoria ordinaria deberanse enviar todos os instrumentos do curso. No caso de convocatoria extraordinaria remitirase só a citada proba.
  - ✓ Copia da acta de avaliación ordinaria ou extraordinaria.
- O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación. Poderase solicitar por parte da Inspección a colaboración de persoal docente especialista nas materias ou ámbitos obxectos de reclamación, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

- No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, considerando o informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a Xefatura Territorial adoptará a resolución pertinente, resolución que será comunicada á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada, consignándose nos correspondentes documentos oficiais, e poñendo así fin á vía administrativa.
- Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final e dos consecuentes efectos de promoción ou titulación para o alumno ou alumna, a persoa titular da secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e, se é o caso, nos restantes documentos de avaliación, facendo referencia á resolución estimatoria da reclamación.

Así mesmo, cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirse o equipo docente en sesión extraordinaria.

## **6.5 PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN EN 2º CURSO DE BACHARELATO**

---

Tendo en conta que o segundo curso de bacharelato é un curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso, e coa finalidade de permitir a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que o alumno ou alumna coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional ditará as instrucións específicas para cada curso académico, en que se establecerán o procedemento e prazos que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións. Estas actualizaranse anualmente neste documento, sendo as correspondentes a este curso académico 2021-2022 as que seguen.

**RESUMO DOS PRAZOS NO PROCESO DE RECLAMACIÓN**

Reclamacións das cualificacións e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda en <b>ESO e 1º Bacharelato</b>		
TRÁMITES E ACTUACIÓN		PRAZO
Presentación	Reclamación formal ante a Dirección	<b>Dous días lectivos</b> ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
Revisión no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente ou departamento didáctico)	<b>Primeiro día lectivo seguinte</b> ou, se fose o caso, hábil a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	<b>Dous días lectivos</b> ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	<b>Día lectivo</b> , ou se fose o caso, hábil, seguinte
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo	<b>Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación</b> feita por Xefatura de Estudos sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión

Reclamacións cualificacións <b>2º Bacharelato</b> e/ou pendentes de 1º Bacharelato ( <b>Convocatoria ordinaria</b> - Curso 2021 – 2022)		
TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
Presentación	Reclamacións ás cualificacións de Bacharelato nos centros	19 e 20 de maio de 2022
Reclamación ante Xefatura Territorial	Reclamación por escrito ante a Xefatura Territorial (se persiste o desacordo)	24 e 25 de maio de 2022
	Comunicación á persoa inspectora do centro da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial	25 de maio de 2022
	Remisión do expediente á Xefatura Territorial a través da Sede electrónica	26 de maio de 2022

Reclamacións cualificacións <b>2º Bacharelato</b> e/ou pendentes de 1º Bacharelato ( <b>Convocatoria extraordinaria</b> - Curso 2021 – 2022)		
TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
Presentación	Reclamacións ás cualificacións de Bacharelato nos centros	27 e 28 de xuño de 2022
Reclamación ante Xefatura Territorial	Reclamación por escrito ante a Xefatura Territorial (se persiste o desacordo)	30 de xuño e 01 de xullo de 2022
	Comunicación á persoa inspectora do centro da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial	01 de xullo de 2022
	Remisión do expediente á Xefatura Territorial a través da Sede electrónica	04 de xullo de 2022

## 7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS

---

A atención á diversidade do alumnado e a elaboración de plans de reforzo personalizados para o alumnado que deba repetir curso ou promocióne ao curso seguinte con materias sen superar ten por obxectivos:

- Asegurar as aprendizaxes básicas que lle permitan ao alumnado seguir con aproveitamento as ensinanzas do curso.
- Mellorar as competencias clave e os resultados académicos do alumnado
- Aumentar as expectativas académicas do alumnado.
- Desenvolver actitudes positivas cara o traballo e a superación das dificultades persoais e/ou académicas.

### 7.1 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Reforzos e apoios)

---

A atención á diversidade ao alumnado considérase un pilar fundamental na educación, e as directrices principais a seguir figuran no Plan Xeral de Atención á Diversidade que elabora o departamento de Orientación.

Xa sexa ao inicio de curso ou ao longo do mesmo, o profesorado da materia na que o alumando sexa proposto para recibir reforzo realizará a proposta coa axuda do departamento de Orientación mediante un informe das dificultades detectadas así como as medidas de reforzo que se levarán a cabo dentro da aula.

Nas avaliacións finais ordinarias e extraordinarias de cada ano escolar a xunta de avaliación poderá valorar e propor ao alumnado susceptible de recibir apoio e reforzo educativo dentro da aula, quedando reflectido nun *informe que elaborará o profesorado titor* xunto coa valoración e informe psicopedagóxico do departamento de Orientación. No caso de alumnado de nova incorporación, serán os titores/as do centro de primaria, quen mediante informe fagan a recomendación da medida.

Ao finalizar o curso escolar o profesorado que realizou o reforzo, e aquel que levou a cabo os apoios deberán elaborar un informe final no que se indicarán as medidas levadas a cabo co alumnado implicado, o grao de cumprimento e valoración das medidas, así como a previsión para o curso seguinte. Seguirase para tal fina o **ANEXO “Medidas adoptadas reforzo educativo”** e/ou **ANEXO “Medidas adoptadas apoio educativo”**.



## 7.2 CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE REFORZO - RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS SUSPENSAS

---

Tal e como se especifica no *Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade*, todo aquel alumnado que promocione de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias.

### OBJECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN

---

- Incrementar o alumnado que recupera as materias pendentes.
- Incrementar o alumnado que promociona ou titula.
- Mellorar as capacidades e competencias clave do alumnado.
- Asegurar as aprendizaxes básicas para poder seguir con aproveitamento o curso no que se atopa o alumnado.

### CRITERIOS DE ELABORACIÓN DO PLAN REFORZO DE RECUPERACIÓN

---

- Unha vez finalizada a avaliación final na Educación Secundaria Obrigatoria, a Xefatura de Estudos elaborará unha listaxe do alumnado que promociona de curso con materias suspensas seguindo o *ANEXO I – Alumnado con materias pendentes (por departamento e curso)*. En dito documento especificarase o alumnado por curso e departamento que promociona con materias pendentes de recuperar.
- O anterior Anexo, servirá para que Xefatura de estudos poña en coñecemento de cada un dos xefes de departamento e do profesorado titor o alumnado que deberá seguir o plan de reforzo para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas o curso anterior.
- Así mesmo, o/a profesor/a da materia suspensa coa que promociona, elaborará un breve informe seguindo o *ANEXOII – Informe final do alumnado que promociona coa materia non superada*, no que se detallará alo menos a evolución do alumnado no curso, as circunstancias que provocaron a non superación da materia e as recomendacións cara o seguinte curso para poder recuperala.
- O plan de reforzo para a recuperación de materias pendentes será elaborado polo profesorado que imparte a materia do curso no que se atopa a/o alumna/o, sendo o departamento didáctico, baixo a coordinación da/do xefa/e de departamento, o que marque as directrices a seguir no citado plan unha vez analizados os informes existentes do curso anterior.

- Este plan de reforzo deberá adaptarse ás particularidades de cada alumna/o, partindo dos coñecemento previos e do informe final que cada profesor/a elabore.
- Para a elaboración do citado plan seguirase o *ANEXO III – Plan de reforzo para a recuperación de materias pendentes*, ou no caso de estar dispoñible poderase cumprimentar na aplicación Xade.
- Dito plan será posto en coñecemento da familia a través do profesorado titor mediante o *ANEXO IV – Acreditación da información do Plan de reforzo á familia*.

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

---

O departamento didáctico será o encargado de velar pola realización do plan, e o seu seguimento será realizado polo profesorado implicado:

- O informe final do profesorado do curso anterior servirá de punto de partida para a elaboración do plan.
- Alo menos unha vez por trimestre, e sempre unhas semanas antes das avaliacións, realizarase unha reunión do profesorado encargado da elaboración do Plan coa Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación, na que se realizará un seguimento dos plan elaborados e o avance do alumnado implicado.
- En cada sesión de avaliación analizaranse os resultados e realizaranse propostas de mellora segundo a viabilidade do desenvolvemento do plan. Así mesmo acordarase a información que se transmitirá ás familias e ao alumnado en relación ao seguimento do plan segundo o *ANEXO V – Seguimento trimestral do plan*.
- Será na avaliación final cando o profesorado decidirá sobre a súa avaliación, debendo ter avaliación positiva no plan de reforzo individualizado para superar a materia pendente, e que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

## 7.2 CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA ALUMNADO QUE DEBA REPETIR CURSO

---

Tal e como se especifica no *Artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade*, todo aquel alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso deberá seguir un plan específico personalizado co finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado e orientado a superar as dificultades detectadas no curso anterior.

---

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN

---

- Incrementar o alumnado que promociona ou titula.
- Mellorar as capacidades e competencias clave do alumnado.
- Asegurar as aprendizaxes básicas para poder seguir con aproveitamento o curso no que se atopa o alumnado.
- Mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.

---

## CRITERIOS DE ELABORACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO

---

- Unha vez finalizada a avaliación final na Educación Secundaria Obrigatoria, a Xefatura de Estudos elaborará unha listaxe do alumnado que repite curso indicando as materias non superadas que impiden a promoción seguindo o *ANEXO I – Alumnado repetidor (por departamento e curso)*. En dito documento especificarase o alumnado por curso e departamento que repite.
- O anterior Anexo, servirá para que Xefatura de estudos poña en coñecemento do equipo docente e do profesorado titor o alumnado que deberá seguir este plan específico personalizado.
- Así mesmo, o/a profesor/a da materia suspensa, elaborará un breve informe seguindo o *ANEXOII – Informe final da materia suspensa sobre o alumnado repetidor*, no que se detallará alo menos a evolución do alumnado no curso, as circunstancias que provocaron a non superación da materia e as recomendacións cara o seguinte curso para poder superala.
- O plan específico personalizado será elaborado polo equipo docente do curso no que se atopa a/o alumna/o, baixo a coordinación do profesorado titor, que será o encargado de redactalo segundo as directrices marcadas polo profesorado implicado unha vez analizados os informes finais do curso anterior.
- Este plan de reforzo deberá adaptarse ás particularidades de cada alumna/o, partindo dos coñecemento previos e do informe final que cada profesor/a elabore.
- Para a elaboración do citado plan seguirase o *ANEXO III – Plan específico personalizado para alumnado repetidor*, ou no caso de estar dispoñible poderase cumprimentar na aplicación Xade.
- Dito plan será posto en coñecemento da familia a través do profesorado titor mediante o *ANEXO IV – Acreditación da información do Plan de reforzo á familia*.

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

---

O equipo docente será o encargado de velar pola realización do plan, e o seu seguimento será realizado polo profesorado implicado en coordinación co profesorado titor nas diferentes sesións de avaliación:

- O informe final do profesorado do curso anterior servirá de punto de partida para a elaboración do plan.
- En cada sesión de avaliación analizaranse os resultados e realizaranse propostas de mellora *ANEXO V – Seguimento trimestral do plan*. E na sesión de avaliación final informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento, transmitindo dita información ás familias e ao alumnado segundo o *ANEXO VI – Avaliación do plan*.

## CUMPRIMENTO DE APROBACIÓN

---

O seguinte documento foi elaborado, revisado e proposto pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Cabo Ortegal e aprobado en sesión extraordinaria de Claustro o 6 de abril de 2022.